

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS CARITAS DIOCESANAS DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA ESTABLECER MEDIDAS PREVENTIVAS E DE APOIO ÁS PERSOAS QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE POBREZA ENERXÉTICA EN GALICIA

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2016

REUNIDOS

Dunha parte,

D., con DNI; en nome e representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en calidade de Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, cargo para o que foi nomeado mediante o Decreto 229/2012, de 2 de decembro de 2012 (DOG nº 230, do 3 de decembro de 2012) facendo uso das facultades do seu cargo,

De outra parte,

D., en calidade de director de C.D. Lugo, con domicilio social en, e CIF R 2701016 D

Dña., en calidade de directora C.D. Mondoñedo – Ferrol, con domicilio social en, e CIF R 1500294 B

D., en calidade de Director C.D. Santiago, con Domicilio social en, e CIF R1500053B

D., en calidade de delegado episcopal de C.D. Ourense, con domicilio social en, e CIF R 3200098 F

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, e en nome das entidades que representan,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que as Cáritas Diocesanas de Galicia (en adiante, Cáritas) son unha Institución colaboradora cos poderes públicos e que traballa a prol das persoas mais vulnerables da sociedade con suxeición ós seus principios fundamentais de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, carácter voluntario, unidade e universalidade.

SEGUNDO.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria (en adiante, “a Consellería”, ten a vontade de colaborar con Cáritas dentro das súas competencias e capacidades nos proxectos en que así se acorde e na busca no maior beneficio dos cidadáns.

TERCEIRO.- Que Cáritas ten detectado no seu traballo o incremento de casos da chamada “pobreza enerxética”, na que as familias non poden afrontar o pago do subministro eléctrico, ou ben non poden manter no inverno unha temperatura mínima de confort na súa vivenda; sendo en moitos casos situacións mellorables con actuacións de baixo custo: adecuación do tipo do contrato, melloras no illamento da vivenda, axeitada formación para o consumo eléctrico, etc.

CUARTO.- Que a Consellería pode colaborar mediante o asesoramento e a información á mellora dalgunha desas situacións, colaborando cos equipos de traballo de Cáritas.

Por todo iso,

ACORDAN

PRIMEIRO.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as condicións en que se desenvolverá a colaboración entre a Consellería e Cáritas, de xeito que se optimicen todos os recursos postos a disposición por cada unha das partes asinantes do presente convenio marco de colaboración.

SEGUNDO.- COMPROMISOS DE CÁRITAS

- a) Identificar, no prazo dun mes dende a sinatura do convenio, unha persoa e enderezo de correo electrónico a través da que se canalizarán todas as demandas que xurdan como consecuencia da sinatura deste convenio de colaboración.
- b) Asumir directamente os custos xerados polas actividades formativas que organice respecto ao seu persoal e relativos ao obxecto do presente convenio, a non ser que se acorde especificamente outra cousa.
- c) Colaborar coa Consellería na difusión e presentación de solicitudes das axudas do “ticket eléctrico social de Galicia” e das “axudas urxentes para evitar cortes de subministración eléctrica” ou calquera medida dedicada ao beneficio en materias enerxéticas das persoas mais vulnerables da sociedade.
- d) Dar publicidade da colaboración da Consellería ou do órgano da mesma que proceda, en todas as actividades vencelladas ao presente convenio.

TERCEIRO.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA

- a) Colaborar con Cáritas na **formación de “Mediadores de eficiencia enerxética”**, que serán persoas voluntarias ou profesionais de Cáritas, mediante a achega como docentes de técnicos expertos, tanto internos como de organismos, entidades ou compañías mercantís dela dependentes.
- b) Proporcionar información sobre os **mellores comportamentos para o consumo eficiente de enerxía** para que poidan ser sinxelamente comprendidos polas persoas usuarias dos proxectos de Cáritas. Este compromiso pode cumprirse:
 - a. Facilitando a Cáritas material impreso polo Inega para que sexa entregado ós usuarios.
 - b. Colaborando con Cáritas na elaboración dos contidos técnicos dun material impreso ou dixital específico.
- c) Asesorar a Cáritas sobre o funcionamento das aplicacións informáticas para facer solicitudes de axudas por vía electrónica.
- d) Identificando cada unha das partes participantes neste convenio (Consellería de Economía, Emprego e Industria e Cáritas) un interlocutor para dar cumprimento aos compromisos adquiridos no marco deste convenio.

CUARTO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para a debida análise, concreción e desenvolvemento das iniciativas contempladas neste convenio, as partes acordan crear unha Comisión de seguimento que estará formada por dúas persoas designadas por cada parte. As funcións de presidente da Comisión serán desenvolvidas por un vogal dos designados pola Consellería de Economía , Emprego e Industria.

A esta Comisión correspóndelle a resolución das controversias que puideran xurdir durante a vixencia deste convenio marco.

QUINTO.-PROTECCIÓN DE DATOS

O réxime de protección de datos de carácter persoal derivados deste convenio e da actuación conxunta das dúas partes, será o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e na normativa que a desenvolve.

Os ficheiros de Cáritas son de titularidade privada e a súa creación, modificación ou supresión realizarase pola devandita entidade.

Os ficheiros da Consellería de Economía, Emprego e Industria serán de titularidade pública e a súa creación, modificación ou supresión realizarase por disposición de carácter xeral publicada no DOG.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

SEXTO.- DURACIÓN

O presente convenio de colaboración producirá efecto dende a súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016. As partes poden acordar a prórroga da vixencia, no caso de que para a correcta finalización dos traballos nel contemplados así se requira.

A prórroga do convenio requirirá o acordo expreso das partes debidamente formalizado, sen que se poda producir unha prórroga automática.

SÉTIMO .-CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causa de resolución do presente convenio de colaboración:

- Revogación por vontade de calquera das partes e en calquera momento da vixencia do acordo, cunha antelación de tres meses á data que teña efecto.
- Mutuo acordo das partes.
- Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

OITAVO.- PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior as partes consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

NOVENO.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio de colaboración.

DECIMO.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten carácter administrativo e todas as diferenzas que poidan xurdir entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e Cáritas en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seo da comisión de seguimento, someteranse ó coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas, polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), pola Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega e pola demais normativa que resulte de aplicación.

E en proba de conformidade asínase o presente acordo por duplicado na date e lugar indicados no encabezado.

Por Cáritas

**Pola Consellería de Economía, Emprego e
Industria**